

---

# MATILDE

Ilustracións de **SOZAPATO (Sofía Zapata Ochoa)**

---

Encadernado en cartón. 16 x 16 cm. 48 páx. 10 €.

ISBN 978-84-8464-295-4. Primeiros lectores.

Inqueda e curiosa, a pequena Matilde asómase ás agachadas ao estudio dun artista e sae fuxindo cun dos seus pinceis, co que decide debuxar un dragón. Para a súa sorpresa -e a dos lectores- a criatura trazada salta da parede e comeza a percorrer a cidade, ata que se desentende da nena e vai cometendo falcatruadas. Afortunadamente, o pintor aparece no momento oportuno e de máximo suspense para axudar a Matilde, restablecendo a normalidade.

Todo sucede nunha cidade gris e aburrída, onde a xente camiña coa cabeza baixa e allea ao sucede ao seu arredor. A presenza da cor -que adquire un valor simbólico- redúcese á figura da protagonista, o taller do artista e os personaxes que saen dos seus pinceis, algúns dos cales tamén habitan libremente nas rúas.

Trátase dunha historia visual, sen texto escrito, que posúe unha estudada narrativa: está estruturada en grupos de viñetas e en amplas escenas a dobre páxina, incluíndo representacións de estilo cinematográfico propias da linguaxe da banda deseñada, que reforzan o carácter dinámico do relato.

Sofía Zapata presenta unha historia actual evocadora dunha antiga lenda sobre un pincel máxico. Así, “Matilde” trata sobre o poder da imaxinación e da creatividade; un poder mesmo indómito, se quen o manexa non é quen de controlalo. Neste sentido, apréciase un aceno ao oficio artístico e ao papel do mestre como guía. A obra, cun final aberto, non se esgota nun primeiro achegamento, senón que permite descubrir novos detalles e personaxes de oculto protagonismo en sucesivas lecturas.



- 
- **Temática:** a imaxinación, a creatividade.
  - **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
  - **Aspectos destacables:** libro visual, sen texto; arte, debuxo, o oficio artístico; estudo e uso simbólico da cor, linguaxe da banda deseñada, estilo cinematográfico.
- 

## SOZAPATO (Sofía Zapata Ochoa)

(Quito, 1984)

Licenciada en Artes Plásticas pola Universidade Central de Ecuador e graduada en Deseño Gráfico no Instituto Metropolitano de Deseño de Quito, completou a súa formación cun Master de Libro Infantil Ilustrado na Escola i con i, en Madrid. Como ilustradora, traballou con editoriais de Ecuador, Chile, Colombia e España. Gañou varios premios de debuxo, pintura e deseño. O seu primeiro libro como autora, “Colorín colorado”, foi seleccionado para representar a Ecuador na lista de honra IBBY 2014. Tamén estudou artes escénicas no laboratorio Malayerba e El Teatro del Cronopio, especializándose en teatro-clown. Actualmente forma parte do colectivo teatral español-ecuatoriano El Gran Ticlop. <http://sozapato.blogspot.com>



---

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

---